

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: ESTABILIZACION.- 1 PRAZA DE TECNICO DE DEPORTES.- solicitudes de interesados no procedemento

EXPEDIENTE: 2024/E002/000010

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000588

Vista a proposta asinada dixitalmente que consta no expediente TEDEC có seguinte contido:

Asunto: toma coñecemento do contido da acta de constitución do tribunal e baremación do proceso selectivo dunha praza de técnico/a de deportes do 22 de novembro de 2024, considerada xa definitiva, e requirimento de documentación ao aspirante proposto.

Logo de ver a acta de constitución do tribunal e baremación do proceso selectivo dunha praza de técnico/a de deportes, grupo III do persoal laboral fixo, do 22 de novembro de 2024 que se transcribe literalmente a continuación:

“ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E BAREMACIÓN DO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE DEPORTES, PERSOAL LABORAL FIXO (PROCESO DE ESTABILIZACIÓN OFERTA EMPREGO PÚBLICO ANO 2022).

PRAZA: 1 Técnico de Deportes

PROCESO: Estabilización Emprego Temporal

ACTA nº 1 (constitución do tribunal e valoración concurso méritos)

DATA: 22 de novembro de 2024

HORA COMEZO: 11:15 horas

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Dependencias do Concello de Carral

ASISTENTES:

Presidente: D^a. Sonia Campos Ares, funcionaria de Carreira do Concello de Carral

Secretario: D^a Rebeca Vázquez Vázquez, Funcionaria de habilitación nacional

Vogais:

D. Manuel Calo Canosa, técnico de deportes do Concello de Cee.

D. Marcos Docampo Fraga, coordinador técnico de deportes do Concello de Arteixo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

D^a Belén Viqueira Tasende, técnica local de emprego do Concello de Cerceda

En Carral (A Coruña), na data e hora ao comezo indicados reúnen-se as persoas arriba relacionadas, ao obxecto de constituir o tribunal que ha de proceder, no mesmo acto, á cualificación da fase de concurso, en relación á praza obxecto da convocatoria e que se especifica na cabeceira da presente acta.

Os membros asistentes foron nomeados por Resolución do Alcalde-Presidente núm.486/2024, de 19 de novembro e publicada na sede electrónica do Concello.

Asistindo a Presidente, a Secretaria e os vogais que representan polo menos a metade dos seus membros, declárase a válida constitución do Tribunal, para os efectos de proceder a abordar o seguinte punto da convocatoria, que é a valoración dos méritos acreditados polos aspirantes á praza obxecto da convocatoria.

FASE DE CONCURSO

O tribunal queda suxeito ás bases que rexen a convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía 505/2022, do 23 de decembro e publicadas no BOP n.º 245 do 28 de decembro de 2022.

De conformidade coa Base 7 e Base 8 das Bases que rexen a convocatoria, a valoración dos méritos adecuarase aos seguintes criterios:

“A provisión das prazas realizarase, de maneira excepcional, por medio do sistema de concurso. Este concurso consistirá na valoración dos méritos acreditados polos aspirantes cuxa puntuación máxima será de 100 puntos.

Con carácter xeral valoraranse os seguintes criterios en base aos criterios comúns para a elaboración das convocatorias de estabilización no emprego público local en Galicia asinados entre o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias e os representantes dos principais sindicatos (UXT-Servizos Públicos de Galicia, FSC-COO Galicia e a CIG):

Méritos profesionais:

90 puntos

- Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente do Concello de Carral ao que desexa acceder en calidade de persoal temporal: 0,94 puntos por mes.

- Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes do Concello de Carral ao que desexa acceder en calidade de persoal temporal: 0,22 puntos por mes.

- Servizos prestados en corpos, escalas, categoría ou equivalentes doutras Administracións Públicas distintas do Concello de Carral en calidade de persoal temporal: 0,3 puntos por mes.

- Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,06 puntos por mes.

A efectos de cómputo, só se computará o mes completo de traballo, que terá unha duración de trinta días. Os servizos prestados a xornada parcial reduciranse proporcionalmente.

Outros méritos específicos:

10 puntos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- *Formación e capacitacións profesionais: valorarase a realización de concursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, por outras entidades do sector público, os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deber dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática entre outros.....0,333 puntos/hora*

Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requiridas para alcanzar a puntuación máxima sería: Grupo A1 de funcionario e grupo I de persoal laboral): 100 horas (0,100 puntos hora)

Grupo A2 de funcionario e grupo II/II de persoal laboral): 80 horas (0,125 puntos hora)

Grupo C1 de funcionario e grupo III/III de persoal laboral): 30 horas (0,333 puntos hora)

Grupo C2 de funcionario e grupo IV/IV de persoal laboral): 20 horas (0,500 puntos hora)

Grupo E de funcionario e grupo V/V de persoal laboral): 10 horas (1,000 puntos hora)

- *Titulación superior a requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos*


A experiencia profesional deberase acreditar mediante certificación expedida pola Administración Pública na que prestou servizos. No certificado deberá facerse constar as funcións desenvolvidas que se queren acreditar e os servizos prestados como experiencia profesional. Este deberá vir acompañada da copia do contrato de traballo ou do nomeamento así como dun certificado da vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

En caso de servizos prestados no Concello de Carral, non será necesaria a acreditación documental se a persoa aspirante autoriza na súa solicitude á comprobación de oficio, que se realizará polo departamento de Recursos Humanos.

Valoraranse os cursos de formación, recibidos e/ou impartidos, acreditados ata a data de finalización do prazo de solicitudes, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias de cada praza convocada á que se pretende acceder e que fosen convocados, impartidos ou homologados polas diferentes administracións públicas e sempre que teñan contidos relacionados coas funcións propias da categoría. Valoraranse os cursos relativos a unha mesma materia e unicamente os de nivel superior ou avanzado e non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración.”

Os aspirantes que non acrediten a posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega correspondente á categoría ou grupo da praza á que aspiren deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega para a que contarán cunha duración de trinta minutos e que en ningún caso computará como mérito. A proba consistirá na tradución dun texto, ou do galego ao castelán ou do castelán ao galego, cunha dificultade de acordo co nivel que se solicite para cada praza. E isto co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Só se realizará para os efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo de estabilización para aquelas persoas que non posúiran o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. A tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación en dito proceso selectivo esta circunstancia. A proba de coñecemento de lingua galega realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas aspirantes propostas para a obtención de praza e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

excluída do proceso de selección e a seguinte coa puntuación de méritos máis alta será proposta para a obtención da praza.

Por unanimidade os membros do tribunal **ACORDAN** :

PRIMEIRO.- Aprobar esta valoración provisional de méritos achegados polos/as aspirantes

(unha vez acadada a puntuación máxima non se valorarán máis méritos)

PRAZA Técnico/a Deportes

ASPIRANTE: Carlos Alberto Frago Parga

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

<i>Experiencia Concello de Carral</i>	<i>Puntos/mes</i>	<i>Meses acreditados</i>	<i>Total puntos</i>
<i>Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente do Concello de Carral ao que desexa acceder en calidade de persoal temporal</i>	<i>0,94 puntos/mes</i> <i>Concello de Carral</i>	<i>21 anos e 4 meses</i>	<i>90 puntos</i>
<i>Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes do Concello de Carral ao que desexa acceder en calidade de persoal temporal:</i>	<i>0,22 puntos/mes</i>		
<i>Servizos prestados en corpos, escalas, categoría*ou equivalentes doutras Administracións Públicas distintas do Concello de Carral en calidade de persoal temporal</i>	<i>0,3 puntos/mes</i>		
<i>Servizos prestados non resto do sector público en calidade de persoal temporal</i>	<i>0,06 puntos/mes</i>		
<i>Total</i>			<i>90 puntos</i>

*A efectos de cómputo, só se computará o mes completo de traballo, que terá unha duración de trinta días. Os servizos prestados a xornada parcial reduciranse proporcionalmente.

FORMACIÓN:

<i>Formación e capacitacións profesionais:</i>	<i>(0,333 Puntos/hora)</i>	<i>horas acreditadas</i>	<i>Total puntos</i>
<i>valorarase a realización de concursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, por outras entidades do sector público, os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido *este directamente relacionado coas funcións propias dá praza obxecto da convocatoria e os considerandos transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa</i>	<i>"Plans de seguridade en eventos deportivos" da Deputación da Coruña</i>	<i>20 horas</i>	<i>10 puntos</i>
	<i>"Novas tendencias do deporte municipal" da</i>	<i>22 horas</i>	



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

<i>prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e os de contido ofimática entre outros.</i>	<i>Deputación da Coruña</i>		
<i>Titulación superior a requirida coa praza</i>	<i>(0,1 puntos)</i>		<i>0,1 puntos</i>
TOTAL			10 puntos

Ata 10 puntos

Total puntos por méritos: 100 puntos.

ASPIRANTE: José María Carro Moreira


EXPERIENCIA PROFESIONAL:

<i>Experiencia Concello de Carral</i>	<i>Puntos/mes</i>	<i>Meses acreditados</i>	<i>Total puntos</i>
<i>Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente do Concello de Carral ao que desexa acceder en calidade de persoal temporal</i>	<i>0,94 puntos/mes</i>		<i>0 puntos</i>
<i>Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes do Concello de Carral ao que desexa acceder en calidade de persoal temporal:</i>	<i>0,22 puntos/mes</i>		
<i>Servizos prestados en corpos, escalas, categoría*ou equivalentes doutras Administracións Públicas distintas do Concello de Carral en calidade de persoal temporal</i>	<i>0,3 puntos/mes</i>		
<i>Servizos prestados non resto do sector público en calidade de persoal temporal</i>	<i>0,06 puntos/mes</i>		
Total			0 puntos

*A efectos de cómputo, só se computará o mes completo de traballo, que terá unha duración de trinta días. Os servizos prestados a xornada parcial reduciranse proporcionalmente.

FORMACIÓN:

<i>Formación e capacitacións profesionais: valorarase a realización de concursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, por outras entidades do sector público, os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo</i>	<i>(0,333 Puntos/hora)</i>	<i>horas acreditadas</i>	<i>Total puntos</i>
			<i>0 puntos</i>



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

<i>contido *este directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria e os considerandos transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e os de contido ofimática entre outros.</i>			
<i>Titulación superior a requirida coa praza</i>	<i>(0,1 puntos)</i>		<i>0,1 puntos</i>
TOTAL			0,10 puntos

Ata 10 puntos

Total puntos por méritos: 0,10 puntos.

SEGUNDO.- En aplicación da Base décimo segunda aprobar esta relación provisional de candidatos/as aprobados/as por orde de puntuación sen que se supere ou número de prazas convocadas :

CANDIDATO/A	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
<i>Fragoso Parga, Carlos Alberto</i>	<i>***9924**</i>	<i>100 puntos</i>

TERCEIRO.- Publicar, a relación de candidato/a/s aprobado/a/s por orde, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal para que no prazo de dez días hábiles, seguintes ao da publicación deste acta, presenten reclamacións e ou alegacións sen prexuízo da interposición en prazos establecidos de recursos previstos na normativa vixente .

De existir reclamación ou alegacións o tribunal reunirse para resolver as mesmas, pasado o prazo de dez días hábiles, emitindo unha resolución coa relación definitiva de candidatos/as aprobados/as por orde de puntuación para posteriormente elevar o órgano competente relación definitiva para o seu nomeamento como persoal laboral fixo do Concello de Carral .

CUARTO.- De no existir alegacións, do que se informará ós/ás candidato/a/s por anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal a relación provisional, entenderase elevada a definitiva dita relación.

QUINTO.- Publicar no taboleiro de anuncios deste Concello da sede electrónica municipal este acta con relación provisional de candidato/a/s aprobado/a/s por orde de puntuación en aplicación do disposto no apartado terceiro deste acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 11:24 horas do día da data, estendéndose e léndose a presente



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

acta para constancia de todo o acordado, que, previa conformidade de todos os membros do Tribunal por unanimidade, asinan comigo a secretaria que dou fe.

Carral asinado dixitalmente na data que figura ao marxe”


Tendo en conta que dita acta foi publicada no taboleiro de anuncios do Concello o 25 de novembro de 2024 para que no prazo de dez días hábiles, comprendidos entre o 26 de novembro de 2024 e o 10 de decembro de 2024, ambos incluídos, se presentasen as reclamacións e/ou alegacións que estimasen oportunas os/as candidatos/as.

Tendo en conta o certificado emitido pola secretaria municipal onde se certifica que segundo o informado pola responsable do rexistro, no prazo dos dez días hábiles para reclamacións e/ou alegacións, non se presentou ningunha reclamación nin alegación a estas prazas.

Tendo en conta que segundo as bases xerais que rexeron estes procesos de selección, concluído o proceso de selección os/as aspirantes propostos achegarán, dentro do prazo de cinco (5) días naturais contados dende a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e máis os requisitos esixidos na convocatoria é polo que, en uso das facultades que me outorga o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, **PROPOÑO**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do contido da acta do tribunal e baremación do proceso selectivo dunha praza de técnico/a de deportes do 22 de novembro de 2024, considerada xa como definitiva, aprobando a relación definitiva de candidatos aprobados por orde de puntuación sen que se supere o número de prazas convocadas:

ASPIRANTE	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
Fragoso Parga, Carlos Alberto	***9924**	100 puntos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

SEGUNDO.- Requirir ao aspirante antes nomeado para que no prazo de cinco días naturais, contados dende a publicación deste decreto no taboleiro, presente no rexistro do Concello a documentación recollida na base décimo terceira das bases xerais destes procesos de selección co fin de nomealo persoal laboral fixo.

Transcorrido este prazo sen cumprir esta obriga, declararase a esta persoa cesante coa perda de todos os dereitos derivados da oposición e da contratación conferida.

TERCEIRO- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios para xeral coñecemento e dar conta ao pleno.

En uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do contido da acta do tribunal e baremación do proceso selectivo dunha praza de técnico/a de deportes do 22 de novembro de 2024, considerada xa como definitiva, aprobando a relación definitiva de candidatos aprobados por orde de puntuación sen que se supere o número de prazas convocadas:

ASPIRANTE	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
Fragoso Parga, Carlos Alberto	***9924**	100 puntos

SEGUNDO.- Requirir ao aspirante antes nomeado para que no prazo de cinco días naturais, contados dende a publicación deste decreto no taboleiro, presente no rexistro do Concello a documentación recollida na base décimo terceira das bases xerais destes procesos de selección co fin de nomealo persoal laboral fixo.

Transcorrido este prazo sen cumprir esta obriga, declararase a esta persoa cesante coa perda de todos os dereitos derivados da oposición e da contratación conferida.

TERCEIRO- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios para xeral coñecemento e dar conta ao pleno.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde
Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose

Dou fe, a Secretaria
Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez